

Benvidos cambadeses e cambadesas a esta 66 edición da Festa do Viño Albariño!

Para min é unha honra que o Concello de Cambados pensase en min para ser a pregoeira desta festa, que non é calquera festa....

É a nosa festa!!! É a festa pola que todos os cambadeses e cambadesas agardamos ano tras ano para volver gozar dela; coa cal todos e todas nos sentimos identificados, e nos produce un sentimento que só un cambadés ou cambadesa pode entender.

Para min é unha gran honra ser a primeira muller en dar o pregón inaugural da Festa do Albariño e recoller a testemuña de persoas como un tal Álvaro Cunqueiro ou como un tal Juan Galiñanes. Aínda que tamén vos vou contar outra cousa: é unha responsabilidade enorme estar hoxe aquí abrindo esta festa.

Unha festa que comezou en 1953, sendo un encontro entre catro amigos que disputaban para ver quen tiña a mellor colleita de albariño e sacaba o mellor caldo, e evolucionou ata chegar ó que é hoxe: unha grande festa.

Eses catro amigos que se xuntaron un día de agosto de 1953 nunca se imaxinaron que ese pequeno encontro chegaría a ser a festa máis importante de Galicia, a segunda máis importante de España e incluso unha referencia internacional, e que Cambados sería coñecido e recoñecido por ter uns dos maiores tesouros que nos puido ofrecer a terra. Un tesouro dourado co cal conseguimos o recoñecemento como Cidade Europea do Viño.

Aínda que non nos facía falta ese título para saber que temos o mellor viño branco do mundo, que é capaz de conquistar centos de padais, conseguindo que, ano tras ano, miles de persoas se acheguen ata Cambados para enxalzar xunto co pobo esta xoia dourada, para gozar cos cambadeses e cambadesas do viño arredor da Calzada.

Sendo elixida a pregoeira, teño que confesar que San Google non me quitou deste fregado, senón que foi este viño enfeitizado o que me inspirou e me axudou máis dunha noite a confeccionar estas palabras e a coller ben o sono.

Buscando información sobre o viño e as mulleres, resultoume curioso non atopar ningunha referencia literaria nin ningún poema escrito por unha muller sobre o viño para mencionar hoxe aquí, pero tamén meatopei con outra cousa moi curiosa, pois parece ser que a nosa grande poeta Rosalía de Castro morreu sen coñecer o viño albariño tal como o coñecemos hoxe en día.

Rosalía morreu sen ter o privilexio de probar o viño albariño. Non lle deu tempo máis que a gozar da sombra que lle ofrecía a parra que tiña diante da súa casa en Padrón, e alá polo ano 1863 xa escribiu Albariñas Uvas. Vouvos ler agora catro letras deste poema:

*“Ouh miña parra de albariñas uvas,
que a túa sombra me das!
Ouh ti, sabugo de froriñas brancas,
que curas todo o mal!
Ouh ti, en fin, miña horta tan querida
e meus verdes nabais!
Xa non vos deixo, que as angustias negras
lonxe de min se irán!...”*

Rosalía de Castro xa foi unha visionaria de que esa sombra podía chegar a ser o que hoxe todos nós coñecemos. Esta festa, ó igual có viño albariño, está en auxe, crecendo sen límites e sen barreiras.

En fin, non me vou liar máis, só vos vou desexar que gocedes desta 66 edición da Festa do Viño Albariño. Bebede a modo, con sentidiño e coa barriga chea.

Viva a Festa do Albariño! Viva o Viño Albariño! E vivan as mulleres!! Querémolas vivas a todas!!